

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE MAIO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e catro de maio de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as doce horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 18 de maio de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 22 de marzo de 2022 (RE-E núm. 125), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████

DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DIAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CANALIZACIÓN DE LIÑA ELÉCTRICA DE 21 METROS DE LONXITUDE
SITUACIÓN	AVDA. LALÍN-MONFORTE NÚM. 5
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	36047A085060360001AH
DOCUMENTO TÉCNICO	Declaración técnica redactada polo graduado en enxeñería eléctrica Don Alejandro Fernández Reza, en data 25/11/21
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	874,97 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) MES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 16/05/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DEZASETE EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (17,49 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 14 de xuño de 2021 (RE-E núm. 197), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DIAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CAMBIO DO APOIO CON MATRÍCULA B3UC96KF//128-B19-6 DA LAL 811
LUGAR	BARBEITOS
PARROQUIA	NEGRELOS

CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE AUGAS SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A077004670000PO
DOCUMENTO TÉCNICO	Declaración técnica e separata de proxecto redactadas pola enxeñeira técnica industrial Dona Herminia López Caamaño, en data 27/01/21
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	7.179,76 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 20/05/22)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 07/04/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO CORENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (143,59 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o

momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### 3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

#### — Conejos Gallegos COGAL, S. Coop. Galega

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 5 de xaneiro de 2022 (RE-E núm. 10), coas seguintes características:

#### DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	CONEJOS GALLEGOS COGAL, S. COOP. GALEGA
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE ÁLCEME, PARROQUIA DE ÁLCEME
REPRESENTANTE	NATALIO GARCÍA CARRAL
DNI	██████████

#### DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN CUNÍCOLA
REFER. CATASTRAL PARCELAS	36047A107004610000LW
LUGAR	BARREGALLOS
PARROQUIA	CARBOENTES
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DO 17/09/19 )
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO
REGA	██
CAPACIDADE MÁXIMA AUTORIZADA	5.060 COELLAS REPRODUTORAS

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra asinada polo enxeñeiro técnico agrícola Don Francisco Pérez Donsión (visado colexial núm. ██████████, do 03/12/21).
- Acta de comprobación favorable de data 13/05/22.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Gandaría da Consellería do Medio Rural en Pontevedra para a súa constancia e aos efectos oportunos.

#### **4.- CONCESIÓN DE PRIMEIRA PRÓRROGA NO PRAZO DE INICIO DE OBRA AMPARADA EN LICENZA MUNICIPAL**

##### ANTECEDENTES

1º.- Don Jorge Vales Fernández, na representación da sociedade RODOIL S.L., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Vedra (A Coruña), solicita con data 24 de marzo de 2022 (RE-E núm. 130) unha primeira prórroga do prazo para o inicio das obras de REFORMA DE TENDA DE GASOLINEIRA DA ESTACIÓN DE SERVIZO, con emprazamento no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 4 de outubro de 2021, acordou conceder a correspondente licenza municipal para as obras descritas, non fixándose expresamente o prazo de inicio das obras, polo que resulta de aplicación o prazo máximo por defecto, establecido en seis meses, en virtude do disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

3º.- Segundo o manifestado pola solicitante, as obras non foron iniciadas a esta data.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 18/05/22, acreditando a conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente.

##### FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145.2 da LSG textualmente dispón: *“Os concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”*.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

## ACORDO

Conceder á sociedade solicitante unha primeira prórroga de seis meses para o inicio das obras, que rematará o día 6 de outubro de 2022.

### 5.- DACIÓN DE CONTA DOS PREMIADOS NO CONCURSO “RODEIRO DE TAPAS. IX XORNADAS DE PROMOCIÓN DA CAZA E DOS PRODUTOS LOCAIS”

O concelleiro-delegado de educación, turismo, comunicación, patrimonio e comercio Don Pablo Sobrado Vázquez traslada para coñecemento deste órgano os resultados do concurso da iniciativa “Rodeiro de tapas. IX xornadas de promoción da caza e dos produtos locais”, co seguinte resultado:

#### A/ Premios do xurado profesional (acta de data 07/05/22)

- Puntuacións acadadas polos establecementos participantes:

ESTABLECEMENTO	PUNTUACIÓN MEDIA TOTAL
CASAACHACÁN	224
CASA SÁNCHEZ	219
BRUXAS E CORUXAS	200
CABALOS DO FARO	173
PUB QUIRÓS	167
AS CARPINTEIRAS	145
BAR DACAL	144
RESTAURANTE A LATIZA	144
PARRILLADA MARANTEIRO	139
A ESMORGA	134
O RECANTO	131
BAR DESITO	117
PUB GALLAECIA	112

- Premios concedidos:

PREMIOS	ESTABLECEMENTO	DENOMINACIÓN DA TAPA
PRIMEIRO	CASAACHACÁN	BRUNCH CAMBOTE
SEGUNDO	CASA SÁNCHEZ	CACHEIRITO'S
TERCEIRO	BRUXAS E CORUXAS	RECUNCALLO

#### B/ Premios do público (reconto efectuado en data 21/05/22)

- Puntuacións acadadas polos establecementos participantes:

Locais	Nº Papeletas con 1 punto	Puntos	Nº Papeletas con 2 puntos	Puntos	Nº Papeletas con 3 puntos	Puntos	Nº Papeletas con 4 puntos	Puntos	Nº Papeletas con 5 puntos	Puntos	Total Papeletas	Puntos	Coefficiente
Restaurante Alalza "Cachoplo"	2	2	12	24	25	75	52	208	199	995	290	1304	4,496561
Casa Sánchez "Cacheiros"	1	1	10	20	17	51	82	328	318	1590	428	1990	4,646532
Caballo do Fero "Ouroa Quente"	3	3	6	12	23	69	48	192	132	680	212	938	4,419304
Casa Achraán "Bunch Cambó"	8	8	5	10	16	48	50	200	231	1155	310	1421	4,583870
Panadería Mearreán "Vobando vob"	3	3	8	16	25	75	65	260	181	905	282	1259	4,646539
Bar Dixal "Tete en Pá"	6	6	10	20	23	69	40	160	111	555	190	810	4,263157
Bar Dixal "Pizza 'Cambó"	6	6	32	64	36	108	64	256	167	835	305	1269	4,160855
Pub Galveira "Erreñados"	12	12	29	58	61	183	59	236	116	580	277	1069	3,895205
Bruas e Couzas "Recurcable"	7	7	14	28	33	99	33	132	83	415	170	681	4,005882
Ao Carpiñeiras "Piruleña"	0	0	4	8	21	63	57	228	262	1410	364	1709	4,665054
A Esmerga "Bacalla sempre"	5	5	18	36	49	147	76	304	251	1255	399	1747	4,378446
O Recanto "Taco recanto Wey"	3	3	2	4	26	78	33	132	194	970	258	1167	4,800775
Pub Quilo "O roseo pastam"	2	2	20	40	67	201	69	276	266	1330	424	1849	4,360849

- Premios concedidos:

PREMIOS	ESTABLECEMENTO	DENOMINACIÓN DA TAPA
PRIMEIRO	AS CARPINTEIRAS	PIRULEÑA
SEGUNDO	CASA SÁNCHEZ	CACHEIRITO'S
TERCEIRO	O RECANTO	TACO RECANTO WEY!

## 6.- ALTA DE USUARIO NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIA DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuario de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Don Antonio Ramos Hernández.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez en data 23/05/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia ao seguinte usuario:

NOME E APELIDOS: Antonio Ramos Hernández

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar de Toiriz, parroquia de Arnego

VALORACIÓN: [REDACTED]

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,80 €/hora

## ***7.- MODIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE***

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 18 de abril do corrente, solicitouse á Secretaría Xeral da Igualdade unha subvención por importe de 18.000,00 € para o desenvolvemento do programa “Concilia Rodeiro”, ao abeiro da Resolución do 7 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 52, do 16/03/22). No apartado segundo do acordo establecíase o importe en concepto de custos directos de persoal. A Secretaría Xeral require do Concello que non se inclúan dentro dos custos directos de persoal os correspondentes á educadora familiar municipal.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Modificar o apartado segundo do acordo adoptado por este órgano, en data 18/04/22, substituíndo a súa redacción íntegra orixinal pola seguinte:

“Segundo.- Aprobar a memoria descritiva do programa para o que se solicita subvención, redactada polos servizos municipais, cun importe total, correspondente a custos directos de persoal, de DEZAOITO MIL SESENTA E DOUS EUROS (18.060,00 €).”

Segundo.- Manter a vixencia dos restantes apartados do acordo orixinal.

## 8.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTO CON CARGO Á LIÑA 1 DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros asistentes da Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, publicadas no BOP núm. 230, correspondente ao día 27 de novembro de 2021, e a conveniencia de solicitar a inclusión en dito Plan a realización de diversos investimentos en servizos básicos municipais de conformidade coa Liña 1 do Plan correspondente ao exercicio de 2022, anualidade na que o Concello ten asignada a cantidade total de 375.483,47 €, cifra que pode ser incrementada co sobrante da Liña 3 e coa cantidade asignada na Liña 2 non solicitada.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación, de data 20/05/22, apróbase modificar o importe imputable á Liña 3 do Plan, quedando dispoñible a cantidade de 20.540,58 € para o seu destino á Liña 1, segundo o previsto nas Bases do Plan e do solicitado por este órgano na sesión de data 20/04/22.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial a seguinte subvención con cargo á Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022, por importe global de DEZASETE MIL TRESCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (17.394,61 €), con destino á realización e financiamento do seguinte investimento (Liña 1: Investimentos):

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán	449.671,32 €	17.394,61 €	0,00 €	432.276,71 €

Segundo.- Realizar a finalidade obxecto da subvención solicitada, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Terceiro.- Comprometerse a comunicarlle á Deputación calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de CERO EUROS (0,00 €). O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Quinto.- Facultar expresamente a Sr. alcalde para que, na representación legal do Concello que ostenta, asine a correspondente solicitude e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

### **9.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO DA TORRE”, INCLUÍDA NO PLAN MARCO 2021-2022 E NO PLAN CONCELLOS 2021**

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), por resolución de data 19/04/21, concedeu ao Concello unha subvención para o investimento denominado “*Mellora de camiño da Torre*”, por importe de 65.764,00 € (expediente núm. [REDACTED]). Pola súa banda, a Presidencia da Deputación Provincial, por resolución de data 28/06/21, concedeu asemade unha subvención por importe de 19.159,94 € para a citada obra (expediente núm. [REDACTED]). Rematada a esta data a actuación subvencionada cómpre proceder á aprobación da conta xustificativa das subvencións concedidas.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa das subvencións concedidas que a continuación se sinala:

- Subvencións concedida: 65.764,00 € (AGADER)  
19.159,94 € (Deputación Provincial)
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF/DNI	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[REDACTED]	OB2021-353	09/12/2021	10/12/2021	60.009,49 €
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[REDACTED]	OB2022-0136	20/04/2022	10/05/2022	10.437,76 €
ANA MARÍA GARCÍA MAYO	[REDACTED]	3_21	12/03/2021	23/03/2021	2.674,77 €
LETICIA DIÉGUEZ ALONSO	[REDACTED]	006/2022	10/05/2022	24/05/2022	2.674,77 €

PROVEDOR	CIF/DNI	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
Mª ELENA SOMOZA CALVIÑO	██████	05/2022	29/04/2022	24/05/2022	668,69 €
INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD S.L.	██████	2022.A.29	31/01/2022	09/02/2022	837,32 €

— Cantidade xustificada: 77.302,80 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foron concedidas as subvencións e poñer a disposición dos órganos que outorgaron as axudas, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

## 10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MARÍA BELLA SALGADO RODRÍGUEZ 264,00 €  
Por xantar protocolario da Alcaldía, s/factura núm. 19.
- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 384,70 €  
Por subministro de material informático para o Concello, s/factura núm. 21488.
- ULLA OIL S.L. 1.418,56 €  
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 423738 (FACe).
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 942,47 €  
Por achega ao convenio de administración electrónica 2022, s/cargo.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 2.674,77 €  
Honorarios por dirección facultativa de obra incluída no Plan Concellos 2021 e Plan Marco 2020-2021, s/factura núm. 006/2022.
- Mª ELENA SOMOZA CALVIÑO 668,69 €  
Honorarios por coordinación de seguridade e saúde de obra incluída no Plan Concellos 2021 e Plan Marco 2020-2021, s/factura núm. 05/2022.

- NEW CENTER BAZAR MODA S.L. 14,85 €  
Por subministro de diverso material para o programa municipal “O Espertador”, s/factura núm. 407.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 54,52 €  
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de abril de 2022, s/factura núm. 22FNX0085834 (FACe).
- RODOIL S.L. 170,49 €  
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de abril de 2022, s/factura núm. 2022/22000157 (FACe).
- RODOIL S.L. 85,99 €, 128,87 €, 65,77 €, 132,69 €, 287,18 €, 180,52 € E 150,68 €  
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de abril de 2022, s/facturas núm. 2022/22000158, 2022/22000159, 2022/22000160, 2022/22000161 e 2022/22000162, 2022/22000163 e 2022/22000164 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 143,97 €  
Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 9298.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.618,21 €  
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de abril de 2022, s/factura núm. FA – 679.
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 235,95 €  
Por subministro de roll-up e vinilo para actividades culturais e de promoción da gastronomía, s/factura núm. A/2022058.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)